

Estimados pais e nais:

Como de seguro xa coñecen, para o vindeiro xoves **8 de marzo** están anunciadas numerosas actuacións polo do Día Internacional da Muller. Entre elas, as convocatorias de entidades sindicais, políticas e sociais de folga de mulleres. Daquela, afectará tamén ao eido educativo, tanto docente, persoal non docente coma estudantil.

Polo que respecta ao alumnado, tendo en conta o punto 15 do artigo 10 das *Normas de Organización e Funcionamento* do IES Mugardos:

“Coa finalidade de estimular a participación do alumnado nos centros educativos, estes deberán facilitar o dereito de reunión. As decisións colectivas que adopte o alumnado, **a partir do terceiro curso de ESO**, con respecto á asistencia á clase, non terán a consideración de faltas de conduta nin serán obxecto de sanción cando sexan o resultado do exercicio do dereito de reunión e sexan comunicadas previamente á Dirección do centro. Para tal fin establécese que deberán ser decisións colectivas por razóns xerais e comunicadas á Dirección previamente (48 horas) pola Xunta de Delegados. (LOE)

De se producir esta situación, o centro deberá comunicar aos pais a convocatoria desa folga para o seu coñecemento. O profesorado deberá trasladar a falta do alumnado ausente ao XADE e comunicala en conserxería o antes posible quedando esta información a disposición dos titores e da Xefatura de Estudos, que poderán comunicala de xeito inmediato ás familias ou aos servizos da Policía Municipal en caso de se tratar de alumnado de escolarización obrigatoria.”

Comunicámoslles que a Xunta de Delegados/as, reunida esta semana, anunciou a súa intención de apoiar as mobilizacións previstas, e de xeito especial a **folga de mulleres**. Segundo o regulamento do centro, **agardamos que os proxenitores ou titores legais do alumnado feminino menor de idade asinen o recibo da información**.

Por último, lembramos que nos servizos de transporte, oficina e docencia funcionarán os servizos mínimos establecidos pola administración para atender aos alumnos e alumnas que no exercicio do seu dereito asistan a clase.

O director

A cubrir pola secretaría do centro

DATA: de de 20.....

Don/a.....DNI.....

en calidade de nai/pai/titor legal de.....

alumna do curso..... grupo.....


COMUNICA a recepción desta circular informativa sobre a folga de mulleres convocada para o 8 de marzo de 2021.

Asdo:.....


O alumnado do instituto IES de Mugardos pretende facer chegar esta carta coa solicitude de facer unha folga con motivo do 8 de marzo, no que en circunstancias habituais se convocaría unha manifestación para ese día.

O equipo de delegados asumimos a responsabilidade de crear e asinar este documento coa firma de conformidade dos compoñentes do alumnado que desexan non asistir a clase o día anteriormente mencionado. Queremos reivindicar os nosos dereitos e pelexar por unha sociedade máis xusta e igualitaria.

3:ESU-A




3:ESU-B




4:ESO-A



4:ESO-B



1:BAE-A



1:BAE-B



1:BAE-C




FPBI




FPBII

2:BAE-d



2:BAE-B



Deien